O cambio climático e a escaseza de auga son dous dos desafíos máis importantes aos que se enfronta a sociedade, pois prevese que en 2030 a demanda excederá, con moito, a capacidade de subministración. En concreto, o World Resources Institute (WRI) augura que en 2030 a poboación mundial necesitará 2680 km3 por encima das posibilidades do planeta.

En España, un dos países da Unión Europea con maior presión hídrica, o ano 2023 foi extremadamente cálido, cunha temperatura media peninsular de 15,2°C, valor que queda 1,3 °C por encima do período de referencia 1991-2020. Foi o segundo ano máis cálido desde o comezo da serie en 1961, por detrás tan só de 2022, que resultou 0,2°C máis cálido que 2023. A isto hai que engadir o mal estado de conservación das nosas reservas subterráneas de auga que, segundo o informe ***SOS Acuíferos*** elaborado por Greenpeace, afecta ao 44% das masas de auga subterráneas españolas, das que se abastece o 30% da poboación do noso país.

En Galicia os episodios de prealerta por seca son cada vez máis habituais e o crecemento da poboación ou o aumento da produción de recursos e alimentos pon de manifesto a necesidade de adaptarse. Para gañar en resiliencia, débese reconfigurar a maneira de relacionarnos con este recurso cada vez máis escaso que é a auga.

Na xestión da auga establecemos tres obxectivos fundamentais:

- A recuperación dos nosos ríos e acuíferos, e a protección fronte ás inundacións.
- O impulso ao saneamento, a depuración e a reutilización, e a dixitalización da xestión da auga.
- A loita contra a contaminación difusa e a preservación da calidade das augas, factor clave para previr a perda de biodiversidade e os impactos nocivos sobre a saúde e o medio ambiente.

A recuperación dos nosos ríos e acuíferos, e a protección fronte ás inundacións

O impulso ao saneamento, depuración e reutilización, e a dixitalización da xestión da auga

A loita contra a contaminación difusa e a preservación da calidade das augas, factor clave para prever a perda de biodiversidade e os impactos nocivos sobre a saúde e o medio ambiente

Desde Viaqua continuamos **traballando** para **adaptarnos ao cambio climático e mellorar a xestión sostible dos recursos**, aumentando a resiliencia dos nosos sistemas de auga urbana ante posibles episodios de secas e fenómenos de chuvias torrenciais máis frecuentes e graves. Continuamos **traballando na preservación da auga**, reducindo a pegada hídrica mediante a xestión intelixente e avanzada aplicada a todas as etapas do ciclo integral da auga, a loita contra a fraude e fomentando entre os galegos e galegas o consumo responsable deste ben esencial.

Todo isto require dunha resposta planificada e coordinada coas administracións públicas, tal como recolle a Lei contra a seca de Galicia de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario. Así, Galicia sitúase á vangarda en protección do dereito á auga fronte ao cambio climático.




**Para Viaqua o uso sostible da auga é fundamental, por iso apostamos por unha xestión eficiente en todas as etapas do ciclo integral, contribuíndo así ao ODS 6 "Auga limpa e saneamento"**

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

# XESTIÓN AVANZADA DA AUGA

A auga captada e posteriormente potabilizada non chega na súa totalidade ao seu punto final de distribución. Esta perda de recurso hídrico ten diversas causas; principalmente as fugas nas redes de transporte e distribución, os consumos non rexistrados ou as fraudes, así como a presenza de posibles erros nalgunhas determinacións de medida.

En Viaqua posuímos unha longa traxectoria na xestión intelixente da auga grazas a un amplo abano de desenvolvementos tecnolóxicos, novas metodoloxías e avanzados sistemas de axuda á decisión para mellorar a eficiencia na xestión das infraestruturas da auga.

Estas tecnoloxías permítennos asegurar a **continuidade do servizo e aforrar uns 8,44 hm3 desde 2017 ≈ 24 días de consumo de toda a comunidade galega.**

**Para Viaqua o uso sostible da auga é fundamental, por iso apostamos por unha xestión eficiente en todas as etapas do ciclo integral, contribuíndo así ao ODS 6 "Auga limpa e saneamento".**




# CAPTACIÓN




Auga captada = Auga procedente ETAP + Auga entrada directa a depósitos (mananciais e superficial).

# TRATAMENTO DA AUGA POTABLE

A auga subministrada debe cumprir con todas as garantías esixidas pola lexislación vixente no ano 2023, e especialmente as establecidas no novo Real Decreto 03/2023 do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

En Viaqua garantimos a subministracion de auga apta e de calidade 24 horas ao dia, 7 dias a semana.

**O 100% das augas subministradas foron catalogadas como aptas para o consumo humano, cumpríndose así toda a lexislación de aplicación actual**

Para garantir a calidade da auga realizáronse, entre todos os municipios abastecidos por Viaqua, **111.439 análise**s nas que se determinaron mais de **375 000 parámetros**, resumidos nos seguintes tipos (algúns de nova incorporación coa aparición do novo Real Decreto):



COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

### INOCUIDADE DA AUGA

Na actualidade contamos coa **certificación ISO 22000** do Sistema de Xestión da Inocuidade Alimentaria, con alcance ao abastecemento de auga de consumo humano e os servizos de xestión asociados a este nos municipios de Santiago, Ourense e Pontevedra. Esta certificación amplía o control dos riscos para a Seguridade e Inocuidade Alimentaria mediante programas de requisitos esenciais e plans de análise de riscos e puntos críticos de control.

# SISTEMA DE DISTRIBUCIÓN

Realizamos un control exhaustivo de mellora das redes de distribución co fin de minimizar posibles fugas e aproveitar ao máximo a auga.



**En 2023 subministramos 64,21 hm³ de agua**

A Auga Non Rexistrada (ANR) é a diferenza entre a auga total subministrada e a auga rexistrada. É esencial minimizar este parámetro para garantir a preservación deste recurso. Por iso, gran parte dos **nosos esforzos van encamiñados a minimizar esta ANR.**

Con este obxectivo, todos os anos levamos a cabo plans de redución de ANR (accións de monitorización, sectorización, redución de presións, mellora da clase metrolóxica e substitución dos contadores, implantación da telelectura, renovación de redes etc.), conseguindo así a máxima eficiencia na xestión do sistema de abastecemento de auga potable. Isto leva asociado tanto un aforro en auga como en enerxía, xa que ao circular menos auga polas redes son necesarias menos horas de funcionamento de bombeos e das plantas de tratamento. Así mesmo, tamén reducimos a cantidade de reactivos, xa que o volume de auga a tratar (tanto en desinfección como en potabilización e depuración) é menor.

**AUGA NON REXISTRADA = PERDAS + FRAUDES + CANR + MEDICIÓN**



COMPROMISO

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

ACCIÓN

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS


| ACCIÓNS PARA REDUCIR A AGUA NON REXISTRADA (ANR) | 2023 |
|---|---|
| $m^3$ recuperados en campañas contra consumos non autorizados | 207.909 |
| Mensaxes persoais avisando sobre un consumo excesivo | 9.594 |
| Actuacións realizadas na rede entre fugas detectadas e avarías reparadas | 2.633 |

# REDE DE SUMIDOIROS

En Viaqua apostamos pola **xestión e limpeza avanzadas das redes de sumidoiros** e o control de vertidos, que nos permiten obter claros beneficios nos tres eixes de sostibilidade: medioambiental, persoal e económico.

Para a realización deste mantemento e a conservación das redes de sumidoiros utilizamos diferentes tecnoloxías como a inspección preventiva da rede de sumidoiros cun equipo de **cámara de TV, CCTV**. Esta tecnoloxía **achéganos toda información crucial de cara a planificar o mantemento das redes** e a localización dos puntos que precisan urxente actuación.




Outra das ferramentas avanzadas de xestión que empregamos no mantemento e limpeza dos colectores e redes de saneamento é o aplicativo **GALIA**. Este software posibilita a realización dunha **xestión avanzada do mantemento da rede de sumidoiros** baseada na análise de información (histórica, cartográfica e do contorno) e no uso de tecnoloxías da inspección previa (de alto rendemento e custo moderado). O aplicativo GALIA achega información para coñecer o estado real da rede e optimizar as operacións de limpeza.



Cámara de inspección da rede de sumidoiros



**"No ano 2023 comezamos coa implantación dun modelo de planificación centralizada na rede de Santiago de Compostela, no que grazas ao uso de diferentes ferramentas dixitais facemos un mellor aproveitamento dos recursos humanos e materiais. Conseguindo realizar unha xestión máis eficiente do servizo de auga no municipio."**

**Ángel Rozas García**
*Planificador Santiago de Compostela*

**COMPROMISO**

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

**ACCIÓN**

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

**COLABORACIÓN**

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS


# DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

Pechamos o ciclo integral da auga devolvendo ao medio natural a auga residual tratada nas estacións depuradoras (EDAR) dos municipios aos que Viaqua presta servicio. Para retornar a auga nas condicións axeitadas que aseguren o cumprimento das limitacións esixidas pola lexislación vixente, esta é sometida a diversos tratamentos físicos, químicos e/ou biolóxicos co obxecto de eliminar a contaminación presente nelas.

**Xestionamos**

**33** EDARs

e **220** instalacións compactas de depuración en Galicia



### AS EDARS XESTIONADAS POR VIAQUA EN 2023:

**A CORUÑA**

- **Santiago De Compostela:** Silvouta // Aríns
- **Bergondo:** Modelo // Fiobre // P. I. Bergondo // Gandarío
- **Betanzos**
- **Sada**
- **Pontedeume:** Centroña
- **Ortigueira**
- **Valdoviño**
- **Neda**
- **Dodro**
- **Laracha**
- **Oroso**
- **Vedra**
- **Val Do Dubra**
- **Rianxo:** Leiro // Isorna

**LUGO**

- **Chantada**
- **Viveiro**

**OURENSE**

- **Ourense:** Reza
- **Baños De Molgas**
- **Carballiño:** Arenteiro // Carrás
- **Celanova:** Celanova // P. I. Celanova
- **Xinzo De Limia**
- **Viana Do Bolo**

**PONTEVEDRA**

- **Pontevedra:** Praceres
- **Ponteareas**
- **A Estrada**
- **PLISAN:** Plataforma Loxística Industrial de Salvaterra - As Neves

# PROXECTOS E OBRAS

Dentro das súas actividades, Viaqua realiza tamén proxectos e obras de mellora das infraestruturas hidráulicas. En 2023 executamos 59 obras, entre as que se atopa a de "Ampliación das redes de abastecemento alimentadas dende a saída 1 do Depósito de Castro Senín na parroquia de Mourente", e a da "Ampliación da rede de saneamento na parroquia de Campañó (Norte)" para o Concello de Pontevedra, ou a de "Nova acometida de subministración de auga e instalación de control da rede interior do Porto de Marín" para a Autoridade Portuaria de Marín e a Ría de Pontevedra. Ademais, como resultado dos compromisos derivados do contrato de xestión do servizo municipal de augas de Pontevedra, realizamos proxectos para diversas obras de ampliación de redes de abastecemento e saneamento que se atopan actualmente en execución.

En 2023 executamos **59** obras ambientais

**Investimento total:** **14.7 M€**



Obra realizada por Viaqua no porto de Marín

ANEXOS: Fontes de captación de auga // Datos de auga nas ETAP // Eficiencia redes de distribución // Renovación redes de distribución // Datos depuración de augas residuais// Parámetros EDAR //Proxectos e Obras

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS



## EN CLAVE DE ALIANZAS

Da transposición da Directiva (UE) 2020/2184 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2020 en España, xorde o Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración.

Este real decreto ten dúas finalidades: establecer o marco xurídico para protexer a saúde humana dos efectos adversos de calquera contaminación da auga de consumo ao garantir que sexa salubre e limpa e facilitar o acceso á mesma seguindo o indicado por Nacións Unidas no dereito humano á auga e saneamento.

España está comprometida cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 e co Dereito á auga, onde se garante o compromiso respectando o principio de subsidiariedade e co Protocolo de auga e saúde da Oficina Rexional para Europa da OMS, protexendo a saúde dos cidadáns mediante unha mellor xestión da auga e reducindo as enfermidades relacionadas coa auga.

Dentro dos retos para Viaqua durante o ano 2023, incluíuse a rápida adaptación a esta nova regulación das augas, sendo pioneiros na realización de avaliacións de risco nas instalacións e adiantándonos aos prazos relacionados con requisitos sobre controis analíticos, prazos de inicio de control ou cumprimento de resultados.

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS



# DE LINEAL A CIRCULAR

11 CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES

**Criterios ESG**

Transformamos a nosa actividade cara á economía circular.
**Converter as nosas principais instalacións en biofactorías.**

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS


# TRANSFORMAMOS A NOSA ACTIVIDADE CARA Á ECONOMÍA CIRCULAR



**COMPROMISO**

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

**ACCIÓN**

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

**COLABORACIÓN**

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS

# O NOSO MODELO CIRCULAR

Segundo o Parlamento Europeo, **en 2050 estaremos consumindo recursos como se existisen tres planetas Terra**. Os sistemas actuais de produción e consumo demostraron ser nocivos para o medio ambiente e agravar a crise climática actual. Por tanto, é preciso **cambiar o modelo lineal** (de extracción de materias e fabricación, consumo e refugallos de produtos) por un **modelo circular** que imite a natureza e actúe como panca na mitigación e adaptación á crise climática. A economía circular permite desvincular o crecemento económico do consumo de recursos e o impacto ambiental negativo, promovendo sistemas de produción e consumo máis eficientes e diminuíndo tanto o consumo de materias primas, enerxía e solo ocupado como a xeración de residuos e emisións.

Desde Viaqua promovemos o cambio de modelo lineal a circular desenvolvendo solucións innovadoras e implementando tecnoloxías orientadas á optimización no uso de recursos e a eliminación do concepto residuo. Así mesmo, promovemos as alianzas e o traballo colaborativo cos demais actores involucrados na xestión da auga, aliñándonos coa **Estratexia Galega de Economía Circular 2019-2030** e situando a economía circular no centro de nosa propia estratexia.

# DE EDAR A ECOFACTORÍAS

Unha **ecofactoría** é un **novo modelo de instalación que promovemos desde Viaqua**, baseado nos principios da **economía circular**, onde se xeran enerxías renovables, se rexenera a auga para a súa posterior reutilización e se transforman os residuos en recursos.

Ademais de conseguir a circularidade total en canto á auga, enerxía e residuos, as ecofactorías caracterízanse por unha integración na contorna natural, de forma que se minimiza o impacto en ocupación do solo, potenciando os servizos ecosistémicos nese espazo ocupado e transformando a infraestrutura gris nunha infraestrutura verde.

Por outra banda, xérase un impacto social positivo a través do valor compartido coas comunidades locais, o diálogo e a colaboración cos grupos de interese e a sensibilización ambiental.

### EIXES DE ACTUACIÓN NAS NOSAS ECOFACTORÍAS

- **Mitigación do cambio climático.** Os procesos de tratamento da auga necesitan grandes cantidades de enerxía para poder levar a cabo; por iso a autosuficiencia enerxética é un dos principais obxectivos das ecofactorías. Isto é posible grazas aos investimentos en eficiencia enerxética, así como á xeración de enerxía renovable.
- **Protección da auga e adaptación ao cambio climático.** As ecofactorías contribúen enormemente á resiliencia hídrica grazas á rexeneración de auga, que se destina a diferentes usos (uso agrícola, urbano, industrial etc.). E é que tamén estes tratamentos avanzados permiten minimizar a contaminación da auga, xa que preveñen e eliminan contaminantes emerxentes.
- **Transición á economía circular e rexenerativa.** As ecofactorías melloran a eficiencia no uso de reactivos e, sobre todo, eliminan o concepto de residuo, xerando novos recursos a partir da valorización dos lodos.
- **Rexenerar biodiversidade.** A biodiversidade nas ecofactorías conséguese non soamente asegurando a calidade da efluente vertedura ao medio, senón tamén aplicando o concepto de infraestrutura verde dentro e fóra da instalación, e aplicando a xestión ecolóxica de zonas verdes, o que permite unha maior integración na contorna.
- **Dixitalización.** Como panca transformadora que permite a eficiencia enerxética e doutros recursos e axuda a dar robustez, calidade, trazabilidade e transparencia aos servizos.

**Promovemos a evolución do modelo tradicional das plantas depuradoras para convertelas en ecofactorías**

11 CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES

Coa creación da Ecofactoría de Ourense promovemos o uso eficiente dos recursos e adaptámonos ao cambio climático contribuíndo ao ODS11 “Cidades e comunidades sostibles”

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

Modelo lineal: **Depuradoras**




Modelo circular: **Ecofactorías**



COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

# A EDAR DE OURENSE, A ECOFACTORÍA NORTE

Da man do Concello de Ourense, comezamos o proceso de **transformación da depuradora de Ourense a Ecofactoría** utilizando a innovación sustentable como panca clave para lograr este cambio de modelo. Este proceso propiciou o despregamento de iniciativas en cada un dos eixes estratéxicos (auga, enerxía, recursos e contorna), tales como a reutilización dunha parte da auga depurada para rega e baldeo das instalacións, a coxeración de enerxía, a busca de novas vías de valorización de residuos e a integración coa súa contorna ambiental.

Na Ecofactoría Norte (EDAR de Ourense) a liña de tratamento de lodos consta dun proceso de dixestión anaerobia, con aproveitamento enerxético do biogás xerado na dixestión. O biogás utilízase como combustible (metano) para a coxeración de enerxía eléctrica, que se autoconsome na propia instalación. Esta valorización do biogás xerado na Ecofactoría produciu en 2023 un total de 771 484 kWh de enerxía eléctrica, o que evitou a emisión de 93 tCO2 eq. Ademais, realízase a recuperación da enerxía térmica procedente dos gases de escape do motor de coxeración para prequentar a caldeira de vapor, e esta á súa vez para alimentar a termohidrólise, posto que require unha achega de vapor saturado. A enerxía térmica xerada na caldeira de vapor supuxo o aproveitamento de 3 183 653 kWh para 2023. Este aproveitamento evitou a emisión de 580 tCO2 eq.

**Mediante iniciativas como CIGAT Circular, a EDAR de Ourense sitúase como a instalación referente a nivel internacional no campo da economía circular**



Ecofactoría Norte (EDAR de Ourense)




**"Dende VIAQUA aplicamos día a día un modelo de xestión que ten como centro a economía circular. No ámbito da depuración, un eixe principal é a transformación das EDAR convencionais en ecofactorías, centros nos que se recuperan e xeran novos recursos. Nas instalacións xestionadas por VIAQUA a maioría dos residuos son valorizables ou reutilizables, evitando que o seu destino final sexan, por exemplo, os vertedoiros."**

**Lucía Gómez Rivas**
*Responsable de Depuración Zona Centro-Sur*

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS




COMPROMISO

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

ACCIÓN

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS





## EN CLAVE DE ALIANZAS

Viratec, a Agrupación industrial Galega de Solucións Ambientais e Economía Circular, é unha asociación sectorial que acolle a entidades de múltiples áreas que teñen como obxectivo común o impulso da sustentabilidade ambiental e a economía circular. Viaqua forma parte desde o nacemento deste clúster, que xurdiu como unha necesidade dun sector que cada vez atrae máis interese por parte dos diferentes grupos que conforman a sociedade galega.
Grazas á integración de capacidades e a procura de alianzas, avánzase no desenvolvemento de proxectos que potencien modelos máis sostibles e que aposten pola economía circular, a transformación ecolóxica e a dixitalización. Os fitos máis destacados do clúster no ano 2023 foron:

- Ser recoñecido por parte do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo como Agrupación Empresarial Innovadora.
- Recibir o galardón Premio de difusión de solucións ambientais que reducen o consumo enerxético e as emisións de gases de efecto invernadoiro" na X edición dos Premios Galicia de Enerxía.

Viratec responde as necesidades ás que nos enfrontaremos nas vindeiras décadas, cun cambio de modelo produtivo que se fai cada día máis evidente. Dende Viaqua, formar parte de Viratec é un chanzo máis na nosa estratexia de transformación cara a unha economía máis respectuosa co medio e menos agresiva cos recursos naturais.

**+80** Entidades asociadas

Cifra de negocio **+1.000 M€**

**+4.900** Empleos directos

Web Viratec:
*https://www.viratec.gal/*

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

# TECNOLOXÍA PUNTA AO SERVIZO DA CIRCULARIDADE

En colaboración co noso Centro Tecnolóxico Cetaqua desenvolvemos tecnoloxías e optimizamos procesos para promover a economía circular:

## CIGAT CIRCULAR, PROMOCIÓN DUN MODELO DE ECONOMÍA CIRCULAR EN GALICIA

O Centro Mixto CIGAT Circular, froito da colaboración entre **Viaqua e Cetaqua Galicia** coa financiación da **Axencia Galega de Innovación (GAIN)**, propón un modelo integral para converter os residuos de orixe industrial, urbano, agrícola e rural en recursos de alto valor engadido co obxectivo de contribuír a que Galicia sexa unha rexión neutra en carbono.

A consolidación do Centro Mixto de Investigación, enmarcado dentro do programa Centros Mixtos de Investigación 2022, é o resultado da evolución das **Unidades Mixtas CIGAT** (2015-2018) e **CIGAT Biofactoría** (2018-2021) e a máxima modalidade dentro do programa de unidades mixtas de investigación que outorga a Axencia Galega de Innovación.

CIGAT Circular evoluciona para ampliar coñecemento na liña de xeración e recuperación de subprodutos. Para iso, estase traballando arredor de diferentes liñas de investigación e innovación para pechar a circularidade dos eixes prioritarios: **auga, enerxía e residuos,** do seu proxecto predecesor CIGAT Biofactoría.

A primeira liña, relacionada co **eixe auga**, céntrase no desenvolvemento de tratamentos avanzados para a **eliminación de microplásticos** e a obtención de auga reutilizable. Grazas a estes tratamentos, na Ecofactoría de Ourense elimínanse máis do 97% dos 28 millóns de partículas de microplásticos que chegan á instalación. No **ámbito enerxía** estase a avaliar o potencial de produción de hidróxeno verde e biometano a partir de distintas correntes residuais de sectores con grande importancia na economía galega, como son o lácteo e o cervexeiro.

Respecto ao **eixe residuos**, demostrouse que é posible recuperar entre 2 e 3 toneladas diarias de celulosa cunha pureza superior ao 90% na nosa ecofactoría, cunha redución da pegada de carbono de 2,5 toneladas de CO2 por cada tonelada de celulosa recuperada. Ademais, escalouse na tecnoloxía de produción e purificación de biocompostos de alto valor engadido como son os ácidos graxos volátiles a partir de lodos xerados no sector conserveiro. Esta tecnoloxía presenta un gran potencial para subministrar materias primas circulares e sostibles á industria petroquímica ou de produtos de limpeza.

Co obxectivo de impulsar as industrias de base renovable en Galicia, CIGAT CIRCULAR expón, ademais, a introdución dun eixe dixital que actuará como catalizador para a creación e consolidación de modelos de negocio sustentables baseados en cadeas de valor circulares.

Deste xeito, **CIGAT Circular dá resposta ás metas que establece a Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.** Viaqua e Cetaqua Galicia consolidan deste xeito a súa aposta por fomentar a transición cara a un modelo de relación co medio ambiente máis sustentable e responsable, ofrecendo estratexias viables e sólidas para a descarbonización da industria e modelos de negocio circulares cun retorno económico que permita competir coa economía lineal predominante.




**Web proxecto:**
https://www.umcigat.es/

**Video proxecto:**
https://youtu.be/120L7kM-Cck?si=kTUD9HU-_Ahiv94Q

COMPROMISO

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

ACCIÓN

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS

## RUAGUA, INNOVACIÓN CIRCULAR PARA FACER FRONTE AO ESTRÉS HÍDRICO NA RÚA

Unha das consecuencias do cambio climático que máis preocupa a nivel global é o aumento da severidade das secas. A Rúa, municipio galego da comarca de Valdeorras, provincia de Ourense, é un claro exemplo diso xa que no verán de 2022 o MITECO incluíuno no seu informe de seca e escaseza como un dos municipios máis afectados de España. Ademais do estrés hídrico, A Rúa é un territorio con alto risco de sufrir incendios forestais: máis do 15% da súa superficie forestal (o que equivale a 450 campos de fútbol) calcinouse entre os anos 1996 e 2015. Este municipio caracterízase ademais por ter unha importante actividade vitivinícola.

Neste contexto, nace RUAGUA, un proxecto de innovación que busca ofrecer ao territorio un demostrador de economía circular para reducir o estrés hídrico e promover un uso máis sostible da auga. O consorcio do proxecto está integrado por Cetaqua, AquaOurense (empresa mixta de Viaqua e a Deputación de Ourense) e o Consorcio de Augas de Valdeorras.

Ruagua é unha das tres propostas gañadoras do Proxecto DEMOS, iniciativa a nivel nacional impulsada pola fundación Cotec en colaboración con IKEA.

O propósito de RUAGUA é xerar un impacto positivo a través dun proxecto demostrativo de economía circular no municipio galego da Rúa. Isto conseguirase mediante a valorización dos eixos auga-enerxía-residuos, establecendo un modelo de simbiose rural-industrial replicable.

- Eixe auga: Achégase o uso da auga rexenerada aos sectores produtivos e aos servizos públicos dunha forma integral, dixital e áxil para garantir a dispoñibilidade de auga durante épocas de seca e reducir así o estrés hídrico nesta contorna rural.
- Eixe enerxía: Impúlsase a produción de enerxía fotovoltaica como fonte renovable, reducindo así as emisións de gases de efecto invernadoiro asociados ao tratamento e rexeneración de auga.
- Eixe residuo: Foméntase o residuo cero e a diminución do uso de fertilizantes e químicos, ofrecendo alternativas de horta urbana.

Entre os resultados esperados do proxecto, destacan un 13% de aforro da auga potable grazas á obtención de 72 803 m3 de capacidade de produción anual de auga rexenerada, o 100% de autoabastecemento eléctrico para a produción de auga rexenerada ou maior eficiencia na xestión dos recursos hídricos. A nivel social, tamén se agarda unha transición cara ao emprego verde na Rúa, a dinamización da economía local ou a mellora da percepción social da auga rexenerada.




RUAGUA
Economía circular con impacto positivo en A Rúa

Presentación proxecto RUAGUA

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

# VALORIZACIÓN DE RESIDUOS

A xestión eficiente dos residuos é clave para o desenvolvemento sustentable do planeta. Desde Viaqua estamos comprometidos coa eliminación do concepto residuos implantando e fomentando nos centros xestionados prácticas de redución, reutilización, reciclaxe e recuperación, en prol de alcanzar un modelo de economía circular.

O residuo maioritario producido no proceso de depuración de augas residuais (EDAR) é o **lodo de depuración**; por iso dedicamos os nosos esforzos a valorizalo. En 2023 o 100% dos lodos producidos nas EDAR xestionadas por Viaqua foron valorizados, destinándoos á aplicación directa en agricultura ou á elaboración de fertilizantes, de modo que se conseguiu pechar o círculo, convertendo o residuo en materia prima para novos procesos.

**O 97% dos residuos xerados nas nosas EDAR son valorizados**







Non obstante, desde **Viaqua** continuamos investigando **novas vías innovadoras para a valorización** dos lodos producidos, **como son**:

- Valorización enerxética como biocombustibles.
- Valorización material mediante a súa conversión en produtos químicos de alto valor engadido, grazas ás investigacións desenvolvidas na Unidade Mixta CIGAT-Biofactoría e CIGAT Circular.



COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

# PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE



15 VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES

Criterios ESG

Protexemos e recuperamos os espazos naturais.

**Preservar a biodiversidade no 100% das nosas instalacións.**

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

# PROTEXEMOS E RECUPERAMOS OS ESPAZOS NATURAIS



COMPROMISO

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

ACCIÓN

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS


**A Rede Natura en Galicia** está composta por 59 ZEC e 16 ZEPA, que abranguen o 12% da superficie do país, desde os espazos litorais ata a alta montaña. Nestes espazos encontramos unha magnífica representación da biodiversidade e da riqueza natural e paisaxística de Galicia, ademais de oportunidades para o desenvolvemento rural e diversos beneficios para a sociedade.

Como empresa que xestiona un recurso natural clave para a preservación da biodiversidade, recoñecemos a necesidade de implicármonos na transformación do modelo de desenvolvemento para contribuír á construción dunha sociedade saudable, na que a diversidade biolóxica sexa un compoñente esencial do desenvolvemento sustentable.

Desde **Viaqua comprometémonos** a garantir que as nosas estratexias, obxectivos e metas contribúan á **recuperación da natureza**, traballando para **transformar as instalacións do ciclo da auga en "infraestruturas verdes"** que sirvan de apoio ao ecosistema en que están situadas e favorezan os servizos que nos ofrece a natureza.

### O noso compromiso por preservar a biodiversidade local das contornas onde se sitúan as nosas instalacións céntrase en:

**Conservación e mellora da biodiversidade en espazos sensibles ou singulares**

Instalacións con diagnóstico e plan de biodiversidade

**100%**

**Cero fitosanitarios e pesticidas**

Instalacións libres de fitosanitarios e pesticidas

**100%**

**Loita contra especies exóticas invasoras (EEI)**

Instalacións con protocolos de actuación fronte a EEI

**100%**

# CONSERVACIÓN E MELLORA DA BIODIVERSIDADE

Apostamos por restablecer as funcións ecolóxicas dos espazos ocupados polas instalacións e favorecer a biodiversidade local das contornas onde operamos. Con este fin, levamos a cabo plans de acción para converter as instalacións convencionais en espazos multifuncionais que preservan os hábitats e favorecen a biodiversidade local e os servizos ambientais que nos proporcionan.

En 2021 acadamos o obxectivo marcado, ao lograr que todas as instalacións que xestionamos situadas en espazos protexidos da Rede Natura 2000, ou zonas sensibles para a biodiversidade, conten cun diagnóstico e un plan de acción.

### Instalacións xestionadas por Viaqua situadas en espazo protexido con diagnóstico e plan de acción en biodiversidade:




*LIC: Lugar de interese Comunitario

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

# ELIMINACIÓN DO USO DE FITOSANITARIOS

O uso de produtos químicos de carácter fitosanitario (herbicidas, insecticidas e funxicidas, entre outros) pode comportar unha alta toxicidade tanto para os animais como para as persoas, ademais de ser unha das principais causas da perda de insectos polinizadores. Co obxectivo de eliminar os devanditos produtos de todas as nosas instalacións de tratamento de auga, en Viaqua promovemos un cambio de modelo de xestión das zonas verdes, utilizando alternativas como métodos mecánicos de desherbado, a aplicación de produtos ecolóxicos non tóxicos, a xestión diferenciada en espazos nos que se deixa a vexetación espontánea, así como accións que favorecen a presenza de fauna auxiliar e a potenciación da vexetación autóctona.

ESPACIO LIBRE DE FITOSANITARIOS

**100%**

**31 hectáreas de instalacións libres de fitosanitarios**




Distintivo que identifica instalacións libres de fitosanitarios

# LOITA CONTRA AS ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS

As especies invasoras son unha das principais causas da perda de biodiversidade, que afecta especialmente aos ecosistemas acuáticos (os máis vulnerables á colonización). En Viaqua comprometémonos a controlar este tipo de especies en todas as instalacións que xestionamos e, con este fin, creamos e desenvolvemos un programa para a xestión integral das especies de flora invasora, BiObserva STOP-invasoras. Esta ferramenta, implementada en todas as plantas de tratamento de auga que xestionamos, permite a identificación, mapeado, avaliación do risco e desenvolvemento de plans de control e seguimento.

**100%** **das instalacións con protocolos de actuación fronte a especies exóticas invasoras**

BIOBSERVA

**Web:** https://www.biobserva.com

COMPROMISO

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

ACCIÓN

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS


# EDUCACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Apostamos por xerar coñecemento dos espazos naturais onde operamos. Antes de desenvolver calquera acción para favorecer a biodiversidade, é imprescindible coñecer ben a contorna natural en que nos atopamos.

## FORMACIÓN

Adicionalmente aos nosos compromisos principais en materia de biodiversidade, buscamos a **implicación do noso persoal e da cidadanía** co obxectivo de **trasladar coñecemento e sensibilizar**. Por iso, o noso persoal de instalacións desde hai anos recibe formación sobre o mantemento ecolóxico de zonas verdes, o control de especies de flora invasora e estratexias para favorecer a biodiversidade desde a nosa xestión.




**139 h**

En 2023 impartíronse **139 h** de formación para favorecer a biodiversidade

## VOLUNTARIADO AMBIENTAL BIOBSERVA

Por sexto ano consecutivo impulsamos o programa BiObserva Voluntariado, dirixido a preservar a biodiversidade nas nosas instalacións. Un proxecto no que os profesionais da nosa empresa reportan as observacións de aves durante a súa xornada laboral co obxectivo de coñecer a biodiversidade nas instalacións e poder planificar, deste xeito, accións de mellora.

Este programa pioneiro e innovador, que naceu en 2016 a través dunha colaboración co Instituto Catalán de Ornitoloxía e SEO BirdLife, pon a disposición todos os datos de observacións xerados na Rede Internacional de Datos de Biodiversidade GBIF (Global Biodiversity Information Facility), contribuíndo así á mellora do coñecemento do medio natural e á protección máis eficaz das nosas aves.







Ao igual que en anos anteriores, a lavandeira e o pardal común foron as aves máis observadas




BIOBSERVA

**Web:** https://www.biobserva.com

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS



Censo de inverno BiObserva - ETAP Lérez



**EN CLAVE DE ALIANZAS**

Preservar a biodiversidade implica a conservación e posta en valor dos recursos naturais, o que contribúe tamén ao desenvolvemento turístico e económico de zonas de alto valor ecolóxico como temos en Galicia. Por iso, desde Viaqua seguimos apostando por sensibilizar e formar sobre a nosa riqueza natural, especialmente aos máis novos. Con este propósito en 2023 organizamos, en colaboración co Concello de Ourense, a Aula da Natureza e SEO BirdLife, talleres prácticos de observación e identificación das distintas aves presentes na nosa contorna para coñecer o noso patrimonio natural.



**" Dende Viaqua aportamos o noso gran de area no fomento e preservación da biodiversidade implementando accións encamiñadas a lograr que as instalacións que xestionamos sexan máis respectuosas coas especies animais e vexetais da contorna. Os programas BiObserva Voluntariado, BiObserva STOP Invasoras e Instalacións Libres de Fitosanitarios promoven a transformación cara infraestruturas máis verdes e sostibles"**

**Cristina Romero Limeres**
*Técnico de Soporte Operacións*

COMPROMISO

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

ACCIÓN

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS




# ACCESO Á AUGA

1 FIN DA POBREZA

**Criterios ESG**

Garantimos a auga a todas as persoas en situación de vulnerabilidade.
**Impulsar os nosos fondos e tarifas sociais ao alcance de todas as persoas.**

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

# GARANTÍMOSLLES A AUGA A TODAS AS PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE



COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

# VIAQUA CONTIGO

En Viaqua, ofrecer o mellor servicio sempre foi unha prioridade, apostando por un modelo de xestión que sitúa as **persoas no centro da actividade**. Neste proceso de mellora continua, **Viaqua traballa segundo o seu modelo Contigo**, unha iniciativa centrada en garantir que todos os clientes, sen excepción, poidan acceder aos servizos da compañía apostando por unha atención multicanle e, sobre todo, asegurarlles unha boa atención ás persoas en situación de vulnerabilidade, co obxectivo de **identificar as barreiras dixitais, de comprensión, de accesibilidade ou económicas**.

Para conseguilo propoñemos un modelo de atención ao cliente baseado nestes **3 grandes piares**, que son os que conforman o noso **ABC de trato ao cliente**:

**A. O CLIENTE NO CENTRO**

Escoitámolo, entendémolo e acompañámolo.

Adaptamos a nosa operativa para dar o **mellor servizo** e a **mellor experiencia**.

**B. DIXITAIS E SEMPRE ACCESIBLES**

Potenciamos as canles de atención dixitais.

Somos máis **áxiles, flexibles e eficientes**.

**C. COMPROMETIDOS COA VULNERABILIDADE**

**Preocupámonos** polas situacións de vulnerabilidade económica, dixital, de comprensión e de accesibilidade.

Damos resposta ás necesidades de **todas as persoas, sin excepción**.

# O CLIENTE NO CENTRO

Situar o cliente no centro significa que levamos a cabo unha escoita activa e adaptamos ao máximo a nosa operativa para conseguir esa experiencia de calidade que é, como diximos, o obxectivo básico e fundamental da nosa atención aos clientes.

## ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DO CLIENTE

Esta escoita activa realizámola mediante **enquisas de satisfacción do cliente**. O estudo de satisfacción que levamos a cabo en Viaqua a través dun organismo independente confirma que mantemos altos niveis de satisfacción, non só coa continuidade do servizo e a presión da auga, cuxos valores son superiores a 8, senón tamén co **índice de satisfacción xeral**, que se sitúa nun **7,61**, mellorando os niveis de satisfacción e maior predisposición para recomendar e fidelizar a compañía obtidos no ano 2022.

| CALIDADE DA AGUA | CONTINUIDADE DA SUBMINISTRACIÓN | PRESIÓN DA AUGA | CLARIDADE DA FACTURA | PREZO DA AUGA |
|---|---|---|---|---|
| 7,49 | 8,73 | 8,26 | 7,21 | 5,43 |

Ademais de realizar estas enquisas, **medimos a experiencia do cliente** despois de facer unha consulta ou realizar calquera xestión do servizo de auga, co obxectivo de mellorar decote o exercicio de escoita activa. O resultado destas enquisas no ano 2023 permitiu obter unha satisfacción de 7,99, o que lle permitiu obter un valor de NSS (Net Satisfaction Score) de 33,81, dato superior ao obtido en 2022.

1 FIN DA POBREZA

Cos mecanismos de acción social (bonificación en tarifas e creación de fondos de solidariedade) e as medidas de flexibilización contribuímos a cumprir co ODS1 "Fin da pobreza"

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

### CUSTOMER COUNSEL

En Viaqua, os usuarios teñen a posibilidade de expresar a súa insatisfacción coa xestión ou o servizo ofrecido pola compañía mediante o mecanismo de reclamación. Estas reclamacións poden ser presentadas a través de calquera das canles de atención dispoñibles e serán avaliadas para proporcionarlles unha resposta satisfactoria aos usuarios. Durante o ano 2023 recibíronse un total de 3094 reclamacións técnicas ou comerciais, todas elas resoltas nun prazo menor a 10 días.

Ademais, en Viaqua existe o rol do ***Customer Counsel*** (Defensor do Cliente), cuxo obxectivo é establecer un punto de encontro entre os clientes e a empresa, naqueles casos en que as solucións ofrecidas ás reclamacións non resultan satisfactorias para os usuarios.

**Web:**
*https://www.viaqua.gal/gl/defensor-del-cliente*

# DIXITAIS E SEMPRE ACCESIBLES

Para Viaqua, ofrecer o mellor servizo sempre é unha prioridade, apostando por un modelo de xestión que sitúa as persoas no centro do noso labor. Un cambio que promovemos **poñendo á disposición da cidadanía unha atención multicanle** que se adapte ás necesidades de todos os tipos de clientes e que se apoia na omnicanalidade que nos ofrecen as tecnoloxías actuais.

Unha aposta pola **accesibilidade** que se traduciu na posta a disposición de diferentes **canles de contacto** e a mellora da experiencia dixital da nosa páxina web e oficina virtual, para asegurar unha boa atención e **eliminar todas as barreiras de comprensión e accesibilidade**.

Un cambio cultural que se acelerou nos últimos anos e que promovemos **grazas á implicación de todo o persoal** para identificar e dar resposta a cada situación. Para logralo, a formación de todos os equipos e o desenvolvemento de novas ferramentas son fundamentais para superar a fenda dixital e poder levar a cabo esa transformación que sitúe o cliente no centro da nosa actividade.

**Web**
**Defensor del cliente:**
*https://www.viaqua.gal/gl/defensor-del-cliente*



### CANLES DE CONTACTO

| | |
|---|---|
| **Oficinas** | *en todos os municipios onde prestamos o servizo* |
| **Atención ao cliente** | *900 201 230 (luns a venres, de 08.00 a 21.00 h)* |
| **Avarías** | *900 201 250 (24 h/365 días)* |
| **Comunicar lecturas** | *900 814 270 (24 h/365 días)* |
| **Páxina web e Chatbot** | *www.viaqua.gal* |
| **Whatsapp** | *681 314 393 (luns a venres, de 08.00 a 21.00 h)* |
| **Área de clientes web** | *www.viaqua.gal/gl/login* |
| **Servialertas** | *Información gratuíta a través de SMS ou e-mail* |
| **App AguaContigo** | *A nosa app de atención ao cliente* |

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

**A continuación detállase a canle usada polos nosos clientes durante 2023 para realizar as súas xestións:**

| | | |
|---|---|---|
| **Atendidos presencialmente:** | **137.309** clientes | **48,1%** |
| **Atendidos telefónicamente:** | **72.491** chamadas | **25,4%** |
| **Atendidos dixitalmente:** | **75.591** xestións | **26,5%** |
| **Enviámoslles aos nosos clientes:** | **695.218** e-mails | **141.128** SMS |

# SOCIALMENTE COMPROMETIDOS

### SEN DEIXAR NINGUÉN ATRÁS

Desde Viaqua, para non deixar ninguén atrás, prestámoslles especial atención ás persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade. O concepto de vulnerabilidade vai máis alá da compoñente económica e tamén engloba aquelas persoas que atopan barreiras dixitais, de comprensión ou de accesibilidade.

Viaqua, para actuar ante as **barreiras de comprensión**, dispón dunha **atención en 15 idiomas** para garantir a inclusión de persoas inmigrantes que non entendan o galego nin o castelán. Fronte ás barreiras ligadas a discapacidades auditivas, conta co servizo de **videoatención por lingua de signos,** que xa estaba dispoñible nas principais oficinas en colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), así como o uso da **canle de WhatsApp**, permitíndolles ás persoas xordas ter unha atención máis áxil. Para as **barreiras ligadas á dixitalización**, ademais de seguir contando coas **oficinas presenciais**, facilítanse as **xestións en nome doutras persoas**, así como o **envío e recepción de documentación en papel**. Por último, para **situacións de vulnerabilidade económica**, o obxectivo é asegurar que as persoas que non poden facer fronte ao pagamento do servizo coñezan as **axudas e facilidades de pagamento** dispoñibles para axudarlles a xestionar a súa situación: tarifas e fondos sociais, pago fraccionado da factura, adiamento e fraccionamento de débeda sen intereses, entre outras medidas.

En Viaqua, durante o ano 2023 conseguimos que o 67% dos nosos clientes tivese á súa disposición algunha bonificación na súa factura mediante unha tarifa ou fondos sociais. O importe co que contribuímos foi de 457 664 € desde 2017.

**O 100% dos nosos clientes teñen acceso a algún tipo de medida de flexibilización do pagamento da súa factura**

Así mesmo, ofrecemos distintas facilidades para adaptarnos ás posibilidades de pagamento dos nosos clientes, entre elas a posibilidade de elixir o día de remesa bancaria, ben de facer fronte ao cómputo anual de facturas a través dun "pagamento plano" mes a mes ben de fraccionar unha ou varias facturas a través dos compromisos de pagamento sen intereses.

**0% INTERESE**

**1.353 fraccionamentos de pagamento por un importe de 503.751 €**

**Desde 2014 os nosos clientes solicitáronnos o fraccionamento de 4,33 M€**



COMPROMISO

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

ACCIÓN

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS


EN CLAVE DE ALIANZAS

## VIAQUA CONTIGO

En 2023 **Viaqua organizou talleres explicando o programa Viaqua Contigo a todo o seu persoal**, tanto de oficinas como operario, co obxectivo de ver como mellorar o servizo a través dunha maior coordinación entre clientes e operacións.

Este programa foi galardoado, no ano 2022, no marco da IX edición dos Premios DEC que entrega a Asociación para o Desenvolvemento da Experiencia de Cliente e que recoñecen as mellores prácticas en Experiencia de Cliente que se realizan en España, unha iniciativa actualmente en marcha e en proceso de mellora continua, co obxectivo de estar cada vez máis preto dos seus clientes. O Premio DEC á Mellor Estratexia en Experiencia de Cliente por Contigo puxo en valor "a inclusión das persoas en situación de vulnerabilidade".

ANEXOS: Calidade das augas // Prezo da auga



**"O noso programa "Viaqua Contigo" permítenos situar o cliente no centro da nosa xestión poñendo especial atención ás persoas en situación de vulnerabilidade, identificando as barreiras dixitais, de comprensión, de accesibilidade ou económicas. Hai ademais unha aposta clara pola dixitalización e mais a atención multicanle"**

**Dionisio Gázquez Navarro**
*Director de Clientes de Viaqua*






COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS



# CONTRIBUCIÓN SOCIAL

12 PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES

Criterios ESG

Somos axentes activos na concienciación cidadá sobre o coidado da auga e o medio.

**Contribuír a sensibilizar á cidadanía no respecto ao medio e o uso sostible da auga.**

**COMPROMISO**

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

**ACCIÓN**

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

**COLABORACIÓN**

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS

# SOMOS AXENTES ACTIVOS NA CONCIENCIACIÓN CIDADÁ SOBRE O COIDADO DA AUGA E O MEDIO



COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

Temos o convencemento de que debemos achegar á sociedade o noso compromiso coa preservación da auga e do medio ambiente. Unha actividade de concienciación e sensibilización coa cidadanía e axentes sociais para sumar esforzos xuntos e camiñar cara a un planeta máis sustentable. Para logralo, desenvolvemos ao longo do ano programas escolares, visitas ás nosas instalacións e museos, actividades de voluntariados e numerosas iniciativas para apoiar o tecido de colaboración social.

# SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL A ESCOLARES

Concienciar a sociedade é fundamental para poñer en valor a importancia da auga e o medio ambiente. Levamos anos apostando por diferentes programas, certames e eventos dirixidos a escolares de todas as idades para desenvolver o noso labor pedagóxico sobre o ciclo integral da auga e fomentando hábitos de consumo responsable. Cremos que a concienciación debe empezar dende unha idade temperá para entre todos e todas lograr un futuro sostible, cunha sociedade implicada e concienciada que saiba como coidar dun recurso tan importante para a vida como é a auga.

## AQUALOGÍA

Aqualogía é o noso **programa educativo**, no que os **escolares de Primaria descobren o ciclo integral da auga e aprenden como facer un uso responsable deste recurso**. Mediante os diferentes recursos, xogos e experimentos interactivos, intuitivos e dixitais os escolares poden traballar na clase ou desde a casa os usos da auga, como chega a auga ás casas ou que tratamentos se realizan para que sexa potable ou para devolvela ao medio natural, ademais de profundar sobre cuestións de medio ambiente, como a importancia da auga, a sostibilidade e o cambio climático.






Monitora de programa Aqualogía

COMPROMISO

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

ACCIÓN

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS


## X EDICIÓN DO CERTAME LITERARIO "RELATOS DE AUGA INTELIXENTE"

Esta edición foi moi especial, xa que **se fan dez anos dende que Viaqua puxo en marcha este certame co obxectivo de concienciar as novas xeracións sobre o necesaria que é a auga** no noso día a día e a importancia de coidar dun ben tan prezado e escaso. Nesta edición presentáronse 289 relatos e o total nas dez participacións achégase aos 4.000, todo un éxito de convocatoria que demostra o interese das novas xeracións en unir a literatura co coidado do medio ambiente.

Os gañadores e gañadoras desta edición son escolares dos colexios Divina Pastora e Padre Feijoo Zorelle de Ourense e dos institutos Antonio Fraguas e Lamas de Abade de Santiago de Compostela. **A temática dos relatos foi "Un día sen auga: como sería un día no que a auga non estivese dispoñible no teu municipio"**.

Para celebrar o décimo aniversario organizamos un evento no que participaron máis dun cento de mozos e mozas e entregamos 19 premios valorados en máis de 1.500 €.




**Consulta os gañadores e gañadoras da edición 2023/2024**

*Coñece os relatos gañadores do ...*










Participantes no evento dos premios X Certame Literario Viaqua

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

**1.420 escolares formados no uso sostible da auga**

12 PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES

**Con iniciativas como os nosos programas educativos e talleres de sensibilización contribuímos á concienciación para un desenvolvemento sostible, en liña co ODS 12 "Produción e consumo responsables"**

## TALLERES DE CONCIENCIACIÓN

Colaboramos coa Aula da Natureza do Concello de Ourense impartindo talleres de concienciación sobre diferentes temáticas: ciclo urbano da auga, reciclaxe e biodiversidade. Máis de medio cento de nenos e nenas de Ourense aprenderon a usar o colector marrón grazas ao proxecto Ecoval Sudoe, onde compañeiros do noso centro tecnolóxico, Cetaqua, lles ensinaron que residuos van parar a este novo colector e a importancia dos 3R: reducir, reutilizar e reciclar. Tamén souberon da importancia de non tirar ao retrete os produtos de hixiene e coñeceron as aves que existen na súa contorna local, da man do noso proxecto de voluntariado ambiental Biobserva e en colaboración con SEO BirdLife.



## VISITAS A INSTALACIÓNS

As visitas ás instalacións do ciclo urbano da auga que xestionamos son unha das principais accións que levamos a cabo durante todo o ano para informar e concienciar a cidadanía sobre a importancia de coidar do recurso auga e o traballo que se fai detrás deste servizo.

Desde hai anos organizamos visitas e xornadas de portas abertas con grupos de escolares, asociacións locais e outros colectivos interesados en coñecer de primeira man todo o proceso de tratamento e distribución da auga no seu municipio, visitando as Estacións de Tratamento de Auga Potable (ETAP), as Estacións de Depuración de Auga Residual (EDAR) e a nosa sede A Vila da Auga.

**1.371 persoas visitaron as nosas instalacións en 2023**



Alumnado de Odontoloxía da Universidade de Santiago



Alumnado do IES Isaac Díaz Pardo de Sada visitan a EDAR municipal



Persoal de Veolia da planta de Le Havre visitou a Ecofactoría de Ourense



Recibimos á veciñanza de Ourense que forma parte da Agrupación Miño

**COMPROMISO**

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

**ACCIÓN**

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

**COLABORACIÓN**

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS


# CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN

### CONSELLOS DE CONSUMO RESPONSABLE

A situación presente e futura precisa que sexamos conscientes e reduzamos a nosa pegada hídrica, facendo un consumo racional da auga e adoptando pequenos xestos cotiáns que eviten un gasto innecesario. A seca vivida en 2022 foi unha oportunidade para poñer o foco nesta realidade que agora vivimos en moitos concellos e para a que non estamos acostumados nin habituados. Da man dos concellos, puxemos en marcha unha campaña sobre consellos de consumo responsable cos que promover hábitos racionais da auga nas diferentes estancias da casa como o baño ou a cociña, e outros puntos como poden ser hortos, xardíns ou piscinas. A través de diferentes accións de sensibilización como a entrega de material de difusión, charlas e talleres promovemos un cambio de paradigma para coidar e preservar un recurso esencial para a vida.




### O TEU FUTURO, MÁIS CLARO CÁ AUGA

Con motivo de captar novo alumnado para o ciclo dual de Redes e Estacións de Tratamento de Augas que empezaba en 2023 unha nova edición, deseñamos e lanzamos unha nova campaña de comunicación. Retomamos a lema de "O teu futuro, máis claro cá auga" e deseñamos novos materiais que difundimos en feiras de emprego. Así mesmo, organizamos charlas motivacionais en colexios para trasladar as vantaxes da FP Dual e que valoren este ciclo como saída profesional.







### CELEBRACIÓN DE DÍAS MUNDIAIS

Para destacar a importancia da auga no benestar das persoas, sensibilizar a poboación sobre os problemas ambientais actuais e promover accións orientadas á protección da contorna, celebramos os días mundiais relacionados coa nosa actividade como o **Día Mundial da Auga** ou o **Día Mundial do Medio Ambiente**. Cada ano aproveitamos estas datas para realizar campañas en medios locais e rexionais coa finalidade de destacar o papel fundamental que desempeña a auga no benestar das persoas, sensibilizar a poboación sobre os problemas ambientais actuais e promover actuacións encamiñadas á protección da nosa contorna.

Con motivo do Día Mundial da Auga, patrocinamos a intervención artística ´Fitotario´ na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela. Creada pola artista visual Macarena Montesinos en colaboración con Miguel Seoane, as Torres Hejduk converteronse nun invernadoiro onde as plantas emitían son ao acariñalas ou oscilaban coa interacción humana.






**COMPROMISO**

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

**ACCIÓN**

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

**COLABORACIÓN**

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS


# FOMENTAMOS AS VOCACIÓNS STEM ENTRE AS NENAS

O desenvolvemento das competencias das ciencias, a tecnoloxía, a enxeñaría e as matemáticas (STEM) é un dos obxectivos fundamentais da axenda educativa a nivel mundial. Na actualidade, a demanda de profesionais STEM crece en maior medida que a de profesionais doutros sectores. Así mesmo, son varios os informes que poñen de relevo as desigualdades de xénero no ensino de STEM, que quedan reflectidas na baixa participación das mozas nestes estudos e profesións. Moi conscientes da necesidade de reverter esta tendencia, desde Viaqua poñemos en marcha dous programas para fomentar as vocacións STEM entre as nenas de Educación Primaria con Aquae STEM, e entre as nenas de Educación Secundaria e Bacharelato con La Voz de la Mujer STEM.

## AQUAE STEM

Aquae STEM é un programa que desenvolvemos Viaqua e a nosa fundación, a Fundación Aquae. Consiste en varias actividades prácticas, que se implantan na aula e na contorna dixital, pensadas para espertar o interese das alumnas polas STEM a través da resolución dun reto.

A diferenza doutros programas STEM, e para impulsar contornas de aprendizaxe STEM en idades escolares moi temperás de forma sostida no tempo, Aquae STEM diríxese a alumnas de 2º a 6º primaria e contempla a continuidade na implantación de tres anos.

Dentro do programa levamos a cabo encontros virtuais nos que participan mulleres brillantes que desenvolven o seu desempeño profesional en disciplinas STEM. Son elas mesmas quen, coa súa experiencia e coñecemento, achegan as vocacións científico-tecnolóxicas aos preto de 800 estudantes de primaria que participan no programa.









## LA VOZ DE LA MUJER STEM

O programa educativo que desenvolvemos da man de La Voz de Galicia, no seu programa Prensa-Escuela, ten como obxectivo achegar ás aulas de secundaria (ESO, FP e bacharelato) de toda Galicia as voces de mulleres expertas no ámbito científico-tecnolóxico baixo o nome LA VOZ DE LA MUJER STEM. Fano coa axuda da asociación de científicas galegas La Ciencia es Femenino, á que están adscritas as relatoras.

Estas mulleres teñen perfís moi diferentes, todos dentro do ámbito STEM, pero teñen en común un grande interese por potenciar os estudos científico-técnicos entre as rapazas e, por suposto, derrubar falsos mitos sobre a presenza feminina no mundo científico.

**Durante o ano 2023 o programa chegou a 32 centros de toda Galicia**




**Volve gozar das charlas do programa:**
https://www.youtube.com/playlist?list=PLxgqz_Fm8p2GRQG-xA_szWpPSUnVbw4C_

COMPROMISO

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

ACCIÓN

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS


# VOLUNTARIADO CORPORATIVO

## CAMPAÑAS DE RECOLLIDA DE XOGUETES

Un ano máis Viaqua colaborou con Asuntos Sociais dos concellos de Bergondo, Betanzos, Sada e Viveiro, e tamén con Protección Civil do concello de Ourense, na recollida de xoguetes e alimentos para contribuír ao benestar das familias en situación de vulnerabilidade destes municipios.

**En 2023 Viaqua entregou 221 xoguetes**




Entrega de xoguetes nos concellos de Bergondo, Viveiro, Sada e Betanzos

## SORTEO DO OURO DE CRUZ VERMELLA

Persoal voluntario de Viaqua participou no Sorteo do Ouro de Cruz Vermella, un clásico co que colaboramos cada ano e que serve para apoiar a actividade de Cruz Vermella no desenvolvemento de actividades e proxectos que axuden a colectivos que se atopan en situacións desfavorecidas.

## CHAMADAS AMIGAS

Chamadas Amigas é unha iniciativa para acompañar emocionalmente persoas maiores que sofren soidade non desexada. Por primeira vez, persoal de Viaqua participou como voluntariado nesta campaña para manter e enriquecer os vínculos afectivos de confianza coas persoas maiores ofrecendo apoio emocional para reducir a súa sensación de illamento.

## LET'S CLEAN UP - LIMPEZA DO RÍO MIÑO

Viaqua organizou unha xornada de voluntariado ambiental no Concello de Ourense á beira do río Miño que contou coa presenza de varios membros da corporación municipal, unha actividade na que participou voluntariado corporativo da compañía e que está enmarcada dentro do programa europeo Let´s Clean Up Europe e do programa Veolia Cares, grupo ao que pertence Viaqua e que ten por obxectivo concienciar o persoal sobre a importancia dun consumo responsable e do impacto dos residuos que xeramos no medio onde vivimos. Para iso, persoal de Viaqua, AquaOurense e Cetaqua participou nunha xornada de limpeza de residuos á beira do río Miño na cidade das Burgas.

Durante a actividade de concienciación e de limpeza, as preto de 20 persoas voluntarias clasificaron e contabilizaron os máis de 100 quilos de residuos recollidos, entre os que destacaron unha bicicleta, un colchón, un sinal de tráfico..., así como numerosas botellas de plástico, cabichas ou latas.



Voluntariado de Viaqua participa na limpeza do río Miño

**COMPROMISO**

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

**ACCIÓN**

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

**COLABORACIÓN**

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS

# CONTRIBUÍR Á SOSTIBILIDADE DOS EVENTOS DEPORTIVOS

En Viaqua recoñecemos a importancia de promover prácticas sustentables que minimicen o impacto ambiental das nosas actividades. Por iso, nos concellos nos que xestionamos o servizo, ofrecemos a instalación de fontes de auga da billa. Esta iniciativa non só reduce drasticamente o consumo de botellas de plástico, senón que tamén representa un importante aforro e custos loxísticos e unha contribución significativa á preservación dos recursos naturais. Ademais do noso compromiso ambiental, levamos a cabo colaboracións que contribúen a cumprir tamén co noso compromiso social, como é o apoio e colaboración de eventos deportivos con carácter solidario. En 2023 colaboramos con:

## ANDAINA E CARREIRA POLA ESCLEROSE MÚLTIPLE DE ACEM

Colaboramos coa instalación de fontes de auga na VI Carreira e Andaina Solidarias pola esclerose múltiple que organiza ACEM, a Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple, unha cita deportiva para visibilizar esta enfermidade e recadar fondos para atender as necesidades de persoas afectadas por esta enfermidade e por outras doenzas neurodexenerativas similares, axudando a mellorar a súa calidade de vida.



## MILLA SOLIDARIA ANEDIA

ANEDIA organizou a súa décima carreira solidaria para visibilizar a diabetes e recadar fondos para a asociación. Como **patrocinadores da X Milla Solidaria Anedia**, buscamos mostrar os efectos desta enfermidade e concienciar a cidadanía sobre a importancia de adquirir e manter uns hábitos de vida saudables.




## CARREIRA PEDESTRE SANTIAGO

Apoiamos a 44 edición da carreira Pedestre de Santiago no noso compromiso firme coa promoción de hábitos de vida saudables e coa comunidade local. Un evento deportivo emblemático do deporte galego do que fomos patrocinadores e no que instalamos fontes de auga para hidratar os deportistas participantes. Esta colaboración é un reflexo dos valores compartidos, onde a saúde, o benestar e a sustentabilidade ocupan un lugar central. Ademais, a participación de Viaqua nesta iniciativa pon de manifesto a súa implicación activa no desenvolvemento social e na promoción de actividades que unen a cidadanía, demostrando que a colaboración entre empresas e eventos locais é clave para o crecemento dun tecido social máis forte e unido.



## CARREIRA SAN MARTIÑO DE OURENSE

Patrocinamos e instalamos fontes de auga na carreira San Martiño de Ourense, unha acción que contribúe á sustentabilidade da proba e mellora a experiencia dos deportistas. A instalación das fontes de auga reflicte o compromiso de Viaqua coa saúde e o coidado dos participantes, ademais de subliñar a importancia de xestionar os recursos hídricos de forma sostible.



**COMPROMISO**

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

**ACCIÓN**

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

**COLABORACIÓN**

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS

# INVESTIR NA COMUNIDADE

Valoramos a acción social como un investimento. Por iso fomentamos a participación activa do persoal e da cidadanía en accións que xeren un beneficio social. Viaqua conta cunha política de patrocinios e colaboracións que establece as pautas de actuación para a selección e aprobación de iniciativas e a súa adecuada finalización. Fíxanse, así mesmo, os compromisos que as entidades receptoras deben asumir para unha adecuada rendición de contas e transparencia do destino dos fondos ou axudas outorgados. Desde Viaqua (e dentro do noso compromiso social e de concienciación) levamos a cabo numerosas actividades de apoio á comunidade como as expostas neste informe, e a través da metodoloxía LBG (London Benchmark Group) somos quen de medir o noso investimento en acción social.




## DISTRIBUCIÓN DA CONTRIBUCIÓN A COMUNIDADE EN 2023

- Educación
- Medio Ambiente
- Arte e Cultura
- Desenvolvemento Socioeconómico
- Benestar Social
- Saúde

**138** entidades beneficiarias

**4.788** persoas beneficiarias

**210.325€** invertidos en accións sociais



**"A comunicación dixital é a ponte que nos conecta coas persoas e comunidades ás que servimos. Grazas a canles dixitais como as redes sociais ou a páxina web establecemos unha comunicación bidireccional que nos permite escoitar e responder as necesidades e preocupacións dos nosos clientes en tempo real e posicionarnos como unha empresa innovadora, dixital e sostible"**

**Álex Pita**
*Técnico de Comunicación e Marketing*

**COMPROMISO**

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

**ACCIÓN**

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

**COLABORACIÓN**

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS




# EQUIDADE E PERSOAS

8 TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO

**Criterios ESG**

Favorecemos a inclusión, a equidade e a diversidade

**Alcanzar un 33% de mulleres en posición de liderado, un mínimo dun 2,5% de persoas con discapacidade e a formación do 80% do persoal.**

COMPROMISO

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

ACCIÓN

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS


# FAVORECEMOS A INCLUSIÓN, A EQUIDADE E A DIVERSIDADE

**33%** de postos directivos en Galicia ocupados por mulleres

**243.000** persoas en Galicia con discapacidade recoñecida

## COMO CONTRIBUÍMOS?

8 TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO

Asumindo compromisos e implantando a política e a estratexia de equidade

**Mulleres en postos de liderado**

| 2020 | 2021 | 2022 | 2023 |
|---|---|---|---|
| 39,7% | 40% | 41% | 44% |

**Persoas con discapacidade**

| 2020 | 2021 | 2022 | 2023 |
|---|---|---|---|
| 2,2% | 2,8% | 2,6% | 2,9% |

## O NOSO OBXECTIVO

Alcanzar un 33% de mulleres en posición de liderado, un mínimo dun 2,5% de persoas con discapacidade e a formación do 80% do persoal

Criterios ESG

## CON QUE ACCIÓNS?

PLAN DE IGUALDADE

DIÁLOGO E ALIANZAS

FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

## IMPACTO

**III Plan de Igualdade en 2023**

**88,4%** do cadro de persoal con contrato fixo

**44%** de mulleres en postos de liderado

**2,9%** do persoal son persoas con discapacidade

**349 horas** de formación en equidade

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

# EQUIDADE E INCLUSIÓN NUNHA CONTORNA DE CONFIANZA

A saúde do planeta está estreitamente vinculada coa saúde das persoas; formulamos a nosa estratexia prestando moita atención á nosa relación co medio ambiente, a contorna social e o laboral; por iso defendemos unha ocupación de calidade que favoreza a igualdade de oportunidades, a accesibilidade e a inclusión, ademais da dixitalización e o desenvolvemento do talento.

Durante 2023 seguimos velando pola aplicación, na nosa actividade, do principio de non-discriminación por motivos de orixe xeográfica, relixión, orientación sexual ou calquera outra condición, tal como establece o artigo 2 apartado 1 da Lei 15/2022. Ademais, mantéñense algunhas das medidas de traballo híbrido para favorecer o benestar do cadro de persoal e mitigar a pegada de carbono na nosa actividade.

En relación co principio de non discriminación, establecemos as seguintes prioridades:

- **Igualdade de xénero**, fomentando a igualdade de oportunidades na selección, formación, retribución e desenvolvemento de carreiras profesionais.
- **Discapacidade**, garantindo o cumprimento da lexislación e o establecemento de obxectivos de inclusión que superan os mínimos establecidos.

En Viaqua traballamos para implantar o valor da equidade como eixe primordial na toma de decisións que erradique calquera tipo de discriminación e consagre a plena igualdade de oportunidades no seo da organización. As políticas de equidade implantadas tratan as diferenzas de xénero, culturais ou de discapacidade, entre outras, como fonte de riqueza que non poden ser obxecto de discriminación. Por iso, e para garantir contornas de traballo seguras nas que non existan prácticas discriminatorias ou situacións non equitativas no ámbito laboral, dispoñemos dunha canle de denuncias e dun procedemento interno para o tratamento de posibles situacións non desexadas.




## IGUALDADE DE XÉNERO

En Viaqua apostamos pola promoción dunha contorna de traballo en que prevaleza a **igualdade de oportunidades na selección, formación, retribución e desenvolvemento de carreiras profesionais sen distinción de xénero.**

En 2023 Viaqua renovou o seu Plan de Igualdade adaptándoo ás novidades lexislativas e continuando a traballar coa Comisión de Igualdade na incorporación de novas melloras en materia de conciliación. Unha actuación que merece destacarse é a incorporación aos protocolos de actuación fronte ao acoso de conceptos como o acoso por expresión ou identidade de xénero, o acoso no ámbito dixital da empresa e o acoso contra as persoas LGTBI.



**COMPROMISO**

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

**ACCIÓN**

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

**COLABORACIÓN**

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS


# DISCAPACIDADE

Para favorecer a inclusión no ámbito laboral de persoas con discapacidade, mantemos acordos colaborativos con fundacións especializadas e centros especiais de emprego, como é o caso de **COGAMI, AMICOS e ILUNION**.

Por outra parte, seguimos superando a porcentaxe de contratación de persoas con discapacidade que establece a normativa legal vixente para empresas con máis de 50 persoas (un 2%, ben por contratación directa ou a través das medidas alternativas descritas no certificado de excepcionalidade).

**2,9%** do persoal son persoas con discapacidade

### OFICINAS ACCESIBLES PARA TODAS AS PERSOAS

A fin de avanzar na inclusión de persoas con discapacidade, **continuamos co noso Plan de accesibilidade**, no que se inclúen, en colaboración con CSIC, FAXPG, Fundación ONCE, COGAMI, Ilunion etc., entre outras, as seguintes iniciativas:

- **Páxina web certificada** baixo criterios de accesibilidade (ILUNION WCAG 2.0 AA).
- **Talleres de sensibilización sobre discapacidade**, entre outras iniciativas.

Durante este ano púxose o foco en adoptar unha mirada máis inclusiva e en facilitar ferramentas ás áreas implicadas, de maneira máis directa, para fomentar a inclusión nas entrevistas de selección, coñecer as mellores prácticas sobre o trato adecuado ás persoas con discapacidade e identificar as principais barreiras.

# CONCILIACIÓN

Coa mirada posta no fomento da corresponsabilidade como panca para avanzar cara á igualdade real entre mulleres e homes, en Viaqua promovemos a implantación e xestión de medidas de conciliación a través de acordos que superan os mínimos legalmente establecidos e que se revisan e actualizan periodicamente. Ademais en 2023 desenvolvemos acordos para promover dereitos, axudas e medidas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero, indo máis alá dos dereitos laborais que establece o Estatuto dos Traballadores para este colectivo.

As medidas recollidas en acordos ou en convenios colectivos poden agruparse en tres bloques:

**Flexibilidade horaria e espacial**

- Flexibilidade horaria e adaptación de horarios de entrada e saída
- Traballo a distancia unha porcentaxe do tempo semanal
- Adaptación da xornada laboral para mulleres embarazadas

**Mellora de permisos legalmente establecidos**

- Concreción do permiso para o coidado de lactantes
- Permisos retribuídos para acompañar en visitas médicas

**Beneficios sociais**

- Programa de Hábitos Saudables (alimentación e nutrición, saúde física, saúde emocional)
- Tests de antíxenos para detectar a Covid-19

5 IGUALDADE DE XÉNERO · 8 TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO · 10 REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES

Coa implementación de medidas de conciliación para fomentar a corresponsabilidade contribuímos ao ODS 8 "Traballo decente e crecemento económico", ao ODS 5 "Igualdade de xénero" e ao ODS 10 "Redución das desigualdades"

# CULTURA DE EQUIDADE

**Impulsamos accións para avanzar no noso compromiso** por unha cultura empresarial inclusiva a través de tres piares: a **formación**, as c**ampañas de sensibilización** e a **comunicación interna**. Son pancas que nos axudan a difundir a igualdade de oportunidades entre o cadro de persoal.

Para iso contamos cunha axente de equidade que pertence á Rede de Equidade de Agbar. Esta Rede ten como obxectivo traballar concienciando sobre o valor da equidade na compañía e velar polo cumprimento das accións recollidas nos plans de Igualdade, colaborando no impulso do Plan Estratéxico definido pola Dirección de Equidade.

En 2023, as iniciativas máis destacadas son:

### PROTOCOLO DE DETECCIÓN, PREVENCIÓN E ACTUACIÓN FRONTE AO ACOSO

Impulsamos a difusión do novo Protocolo de detección, prevención e actuación fronte ao acoso. Os protocolos incorporan novos conceptos como o acoso por expresión ou identidade de xénero, o acoso no ámbito dixital da empresa e o acoso contra as persoas LGTBI. Ademais, adaptouse á normativa entrada en vigor recentemente, a Lei Orgánica 10/22, de garantía integral da liberdade sexual, a Lei 15/2022, para a igualdade de trato e a non discriminación e a Lei 4/2023, para a igualdade das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI.

### ADHESIÓN E ALIANZAS CON DÚAS DAS REDES MÁIS IMPORTANTES EN MATERIA DE DIVERSIDADE

Rede +D, da Rede Acolle, e Rede ECDI, de INTRAMA. As persoas que forman parte das comisións de igualdade e fronte ao acoso reciben formación específica sobre igualdade e sobre o protocolo antiacoso, que pretende refrescar conceptos, coñecer a nova normativa, aclarar posibles dúbidas e facer recomendacións sobre comportamentos diversos e inclusivos na contorna laboral (pautas de comunicación inclusiva, identificar rumbos inconscientes, novas masculinidades etc.).

+D RED DE EMPRESAS COMPROMETIDAS CON LA DIVERSIDAD

Red ECDI

## RECOÑECIDOS POR ...

### COMPROMISO COA IGUALDADE DE XÉNERO

Fomos galardoados, como parte do Grupo Agbar, na categoría "Contribución empresarial á paridade de xénero" dos Woman Forward Awards, organizados polo Club Woman Empowerment ESADE Alumni para premiar a aquelas persoas e organizacións que contribúen de maneira significativa á paridade de xénero no ámbito da empresa.

### FOMENTO DA DIVERSIDADE E A INCLUSIÓN

Por terceiro ano consecutivo recibimos, como parte do Grupo Agbar, a Certificación TOP Diversity Company, como unha das 50 empresas de España que forman parte do Informe VariableD'22 de INTRAMA, un estudo enfocado á análise e mellora da estratexia da diversidade e a inclusión que recolle as mellores prácticas das compañías máis avanzadas na materia. En virtude deste compromiso, participamos na difusión de campañas contra a violencia de xénero, informando das novas canles de contacto para as vítimas de violencia de xénero a través das redes sociais corporativas.

COMPROMISO

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

ACCIÓN

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

COLABORACIÓN

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS


## DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

Aliñámonos co tema principal definido pola ONU en conmemoración do 8 de Marzo: "Por un mundo dixital inclusivo", e baixo o marco da revolución dixital na que nos atopamos organizamos un webinario onde reflexionar sobre as consecuencias que pode ter que a intelixencia artificial perpetúe patróns existentes en desigualdade de xénero.








Campaña corporativa Viaqua do Día Internacional da Muller 2023

## DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Con motivo do Día Internacional das Persoas con Discapacidade ofrecemos unha charla co título "Descubre os rumbos sobre a discapacidade e evita os atallos inconscientes". O obxectivo da sesión, dirixida a todo o persoal, pretende normalizar e acabar con moitos prexuízos sobre a discapacidade, identificar os rumbos inconscientes que todas as persoas temos e coñecer ferramentas para neutralizalos.

**Vídeo Campaña Corporativa:**
https://youtu.be/ElHohIdicEM?si=KTnrNrk1AlZQvR4o

**EN CLAVE DE ALIANZAS**

### SEMANA DA EQUIDADE, A DIVERSIDADE E A INCLUSIÓN

Por cuarto ano consecutivo, e no marco da celebración da **Semana da Equidade, Diversidade e Inclusión**, desde Viaqua participamos en charlas e formacións, ademais de xerar contidos para difundir mensaxes sobre diversidade e inclusión entre o cadro de traballadoras e traballadores. Destacan o taller sobre Masculinidades Inclusivas, onde fomentamos un espazo participativo, de reflexión e de debate para coñecer que significa o concepto de novas masculinidades, identificar posibles barreiras culturais e fomentar a corresponsabilidade, así como o taller "Sensibilización ante situacións de acoso no ámbito laboral", para coñecer as novidades de carácter normativo, as diferentes tipoloxías de acoso e difundir boas prácticas preventivas.

**COMPROMISO**

PALABRAS DO DIRECTOR

SOMOS VIAQUA

ACTIVIDADE RESPONSABLE

**ACCIÓN**

VIAQUA 2030

LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

PRESERVACIÓN DA AUGA

DE LINEAL A CIRCULAR

PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

ACCESO Á AUGA

CONTRIBUCIÓN SOCIAL

EQUIDADE E PERSOAS

CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES

INNOVACIÓN CON IMPACTO

PROVEDORES SOSTIBLES

AS ALIANZAS COMO MOTOR

**COLABORACIÓN**

CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS

SOBRE O NOSO INFORME

ANEXOS

# TALENTO E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL

A procura da excelencia esixe talento e, por tanto, unha xestión eficaz das persoas para que poidan dar o mellor de si mesmas. Por iso fomentamos a empregabilidade e o desenvolvemento profesional, ademais de promover un compromiso entre o persoal e a empresa.

O noso Sistema de Talento Integrado —Talent Hub— constitúe un método sistemático e programado para medir e xestionar tanto o rendemento actual como o potencial dos nosos empregados. Persegue mellorar o rendemento e a motivación dos empregados mediante a elaboración de plans de acción que melloran Competencias, Coñecementos e outros aspectos relacionados co potencial do individuo. Así, esta ferramenta permítenos xestionar a mobilidade do persoal e realizar promocións internas con garantías de obxectividade e igualdade de condicións.




**556 persoas incluídas no noso Sistema de Talento Integrado, das cales 69 están facendo procesos de Avaliación do Desempeño e o Desenvolvemento**

# FORMACIÓN

Para Viaqua **a formación** das persoas traballadoras que a integran **é unha prioridade** e forma parte da súa cultura e liderado no mercado. Igual que a tecnoloxía é esencial para as empresas competitivas, investir na formación do noso cadro de persoal permítenos **manter altamente cualificados e preparados** os nosos traballadores e traballadoras, para afrontar os **continuos retos producidos polas innovacións tecnolóxicas no noso mercado e sociedade.**

Con este obxectivo, durante 2023 levamos a cabo programas de formación que responden tanto ás necesidades actuais para o excelente desempeño no posto de traballo como para o desenvolvemento do máximo potencial do noso persoal. E para iso dinamizáronse plataformas de autoaprendizaxe en liña.

Destaca **Nerexa**, a nova **plataforma de formación da Escola da Auga**, que permite o diagnóstico de competencias dun amplo abano de posicións profesionais nucleares na xestión da auga, tanto a nivel técnico como operativo, e a xeración de itinerarios personalizados de formación a partir das carencias formativas detectadas.

**FORMACIÓN DE VIAQUA POR ÁREAS FORMATIVAS**




# CUALIFICACIÓN E RECOÑECEMENTO DA EXPERIENCIA

Viaqua promove a participación dos seus empregados en procesos de **acreditación de competencias profesionais**. Para iso lanzamos un pioneiro programa corporativo de acreditación de competencias profesionais que facilitará o **recoñecemento da experiencia profesional dos empregados e promove a creación de itinerarios de desenvolvemento personalizados de novas competencias** a partir das cualificacións profesionais do sector.

**Na fase piloto do proceso de acreditacións en Viaqua participaron e obtiveron a acreditación de competencias 44 traballadores.**

**Está previsto que no ano 2024 se inicie o proceso de acreditacións para os Operarios das Redes, onde participarán 88 traballadores.**

# REDE EMBAIXADORES

A Rede de Embaixadores (RdE) xurdiu como un proxecto novo na compañía en 2017 co obxectivo de promover o ***Employee Engagement***, impulsar unha nova vía de comunicación interna bidireccional e a transformación cultural, ofrecendo información de interese sobre o noso grupo e propiciando o intercambio de ideas entre todas as persoas: ***top-down e bottom-up***.

O proxecto transformouse nunha canle de comunicación estable. A Rede de Embaixadores é un espazo baseado na confianza, co que se busca reducir a distancia entre empresa e os seus colaboradores, escoitando as súas necesidades e compartindo información de interese. Durante o ano 2023 o equipo de Embaixadores de Viaqua participou en talleres sobre diversas temáticas como modelos de xestión, crise climática, seguridade e saúde laboral ou escoita activa co CEO da compañía.

RED DE EMBAJADORES

# IMPULSAR A FORMACIÓN E ACCESO AO EMPREGO DOS MOZOS

Viaqua continúa coa iniciativa de **promover** e c**omplementar a formación de mozos universitarios e de ciclos de formación profesional**, favorecendo a súa futura incorporación ao mercado de traballo mediante prácticas na empresa durante os últimos anos de estudo.

Para iso definíronse dúas liñas de actuación: un programa de prácticas para estudantes universitarios, mediante a sinatura de convenios de colaboración con universidades e escolas de negocios; e un programa de prácticas para estudantes de FP. En ambos os casos ofrecémoslles aos estudantes un **contacto** co **mundo laboral** realizando **prácticas profesionais** en calquera das áreas e os departamentos da empresa.

En 2023, no ámbito de acceso ao emprego da xente nova, continuou o desenvolvemento dos seguintes convenios:

### FP DUAL EN "REDES E ESTACIÓNS DE TRATAMENTO DE AUGAS"

A FP Dual está sendo unha revolución silenciosa, un exemplo de colaboración público-privada entre empresas e administracións que combina a formación no centro educativo coa actividade na empresa. Unha modalidade que ten como obxectivo crear emprego de calidade, onde o empregado conte cunha formación solvente a cargo do empregador e que o seu desempeño a curto prazo sexa maior.

Un claro exemplo de éxito é a FP Dual da Auga, colaboración entre Viaqua e o Politécnico de Santiago, por onde pasaron máis de 40 estudantes e que a finais de 2022 comezou o segundo ano da III Promoción, consolidándose como unha das opcións formativas con maior inserción laboral. Neste mesmo ano 2023 levouse a cabo unha campaña de comunicación para captar alumnado en centro educativos e feiras de educación e iniciouse a IV Promoción que abarcará ata o 2025 con 7 estudantes.

Potenciar este modelo de formación é unha das nosas apostas para captar e formar talento. Froito deste esforzo, durante 2022 aliámonos co CIFP Ferrolterra e cinco empresas máis para poñer en marcha un novo ciclo medio de Redes e Estacións de Tratamento de Augas. No ano 2023 iniciouse esta I Promoción con 1 alumno.



Alumnado da IV edición da FP Dual da Auga

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

## COLABORACIÓNS COAS UNIVERSIDADES GALEGAS

O noso compromiso co talento lévanos a forxar alianzas coas tres universidades galegas que permitan impulsar o futuro dos mozos e favorecer a súa futura incorporación ao mercado laboral, mediante as prácticas en Viaqua durante os seus últimos anos de estudos

Colaboramos coa Escola Técnica Superior de Enxeñería Química da Universidade de Santiago de Compostela a través do **Programa de Bolsas dirixido a estudantes de primeiro curso do máster en Enxeñería Ambiental**. O obxectivo é axudar economicamente o estudantado, financiamos un total de catro bolsas cunha dotación cada unha delas de 250 euros. Ademais da axuda económica, este programa promove que os estudantes realicen as prácticas nas nosas instalacións co fin de impulsar os seus coñecementos e competencias nunha contorna real.

Coa Universidade de Vigo levamos a cabo accións e iniciativas encamiñadas á promoción e impulso da xestión do tratamento de augas no ámbito docente e da investigación universitaria, impulsando o Campus da Auga de Ourense como un referente internacional. Ofértanse prácticas para o alumnado dos últimos cursos das titulac**ións que se impartan no Campus de Ourense-Campus Auga** no ámbito da xestión e tratamento de augas e a execución de proxectos e programas de investigación e desenvolvemento a realizar entre grupos de investigación das dúas entidades. Tamén colaboramos nos **Premios de Investigación, Transferencia e Divulgación Científica do Campus da Auga**.

Coa Universidade da Coruña colaboramos a través do **Máster Internacional da Auga**, onde o alumnado pode realizar prácticas curriculares nas nosas instalacións para aplicar no ámbito laboral os coñecementos adquiridos e comprender a metodoloxía de traballo empregada pola empresa.

**Durante 2023 , 10 alumnos realizaron prácticas nas instalacións xestionadas por Viaqua, impulsando xoves talentos**

COMPROMISO
PALABRAS DO DIRECTOR
SOMOS VIAQUA
ACTIVIDADE RESPONSABLE
ACCIÓN
VIAQUA 2030
LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO
PRESERVACIÓN DA AUGA
DE LINEAL A CIRCULAR
PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE
ACCESO Á AUGA
CONTRIBUCIÓN SOCIAL
EQUIDADE E PERSOAS
CONTORNAS SEGURAS E SAUDABLES
INNOVACIÓN CON IMPACTO
PROVEDORES SOSTIBLES
AS ALIANZAS COMO MOTOR
COLABORACIÓN
CERTIFICACIÓNS E RECOÑECEMENTOS
SOBRE O NOSO INFORME
ANEXOS

# FAVORECER A INSERCIÓN LABORAL DE COLECTIVOS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Adicionalmente, ano tras ano continuamos colaborando con distintas entidades e formalizando novos convenios de colaboración para favorecer a inserción laboral de colectivos en risco de exclusión social:

